

TEÑO UNS PÉS PERFECTOS

(UN LIBRO PARA LER COS PÉS DESCALZOS)

Texto de **MARÍA SOLAR**

Ilustracións de **GUSTI**

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 48 páx. 15 €.

THE WHITE RAVENS 2016 (Internationale Jugendbibliothek, Munich)

Teño uns pés perfectos (galego)

ISBN 978-84-8464-974-8. Sete Leguas.

Tengo unos pies perfectos (castelán)

ISBN 978-84-8464-976-2. Siete Leguas.

Tinc uns peus perfectes (catalán)

ISBN 978-84-16804-20-7. Set Llegües.



Melchor Sabichón podería ser o neno máis listo do planeta, ou polo menos o máis listo do seu país ou da súa vila. Era moi listo, sabía todo, sabía de todo. Cada cousa que vía chamaba a súa atención e estudábaa. Sabía de dinosauros, mamíferos, serpes, ríos e montes, batallas, reis, estrelas e planetas, astronautas, e de case calquera cousa que un poida imaxinar...

Melchor Sabichón preséntase ao concurso «Na busca do neno máis listo» pero, malia ter preparado moitos e moi sesudos temas, non esperaba enfrontarse a unha materia descoñecida: os pés.

O protagonista atopará nun libro todo canto necesita saber sobre esa parte das extremidades inferiores: os tipos de pés, a súa anatomía e a función que cumpren para que poidamos camiñar e correr, o número de ósos que teñen, curiosidades sobre as unllas ou as pegadas que deixamos...

“Teño uns pés perfectos” é un libro dentro doutro libro, cunha parte de creación literaria e outra informativa, diferenciadas na obra impresa pola cor do papel. Os lectores acompañarán a Melchor no seu descubrimento de todo canto precisa aprender sobre os pés para -cos coñecementos adquiridos- presentarse ao concurso, tendo chegado á conclusión de que ás veces o inmediato pásanos máis desapercibido.

As ilustracións de Gusti reflicten tamén esa dualidade: escenas cotiás de Melchor no apartado narrativo; formas icónicas e esquemáticas no plano científico. En conxunto, texto e imaxes están cargados de humor.



- **Temática:** libro de coñecemento sobre os pés.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** un libro dentro doutro libro; o corpo humano; curiosidade, aprendizaxe; ilustracións de ton humorístico.

María Solar

(Santiago de Compostela, 1970)

Escritora e xornalista, traballa na Televisión de Galicia e na Radio Galega. Ademais de licenciada en Xornalismo, tamén é licenciada en Bioloxía, diplomada en Maxisterio e especialista en información ecolóxica e medioambiental. Como comunicadora recibiu os premios Mestre Mateo en 2012 e 2013 destinados ao programa cultural ZigZag, do que foi presentadora; e o 2º Premio Galicia Innovación de Xornalismo de Investigación. Publicou unha decena de libros infantís, polos que recibiu o Premio Lazarillo 2014, os Premios Frei Martín Sarmiento 2014 e 2013, e foi distinguida na selección The White Ravens 2015 e 2016. <http://mariasolar.com>

Gusti

(Bos Aires, 1963)

Estudou na Escola de Arte Fernando Fader e enfocou o seu traballo á animación para televisión, a ilustración de cómic e álbum ilustrado. Trasládouse a Europa en 1985: París, Madrid e Barcelona. Recibiu, entre outros, o Premio Apelles Mestres e a Mazá de Ouro de Bratislava (1989), o Premio Nacional de Ilustración (1990), o Premio Lazarillo (1991), diploma de honra do Premio Iberoamericano de Ilustración (1994), Premio Serra d'Or e Junceda (2007, 2015). A súa obra foi destacada na lista The White Ravens, no Banco do Libro de Venezuela e na Lista de Honra IBBY. Imparte un postgrao de ilustración na escola de deseño Eina. Ademais de colaborar en proxectos relacionados coa natureza, é cofundador de Windown-La Ventana, unha asociación que traballa as artes plásticas con persoas con diferentes capacidades. <http://gustiart.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com